

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010812	IES Virxe do Mar	Noia	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. A materia de Proxecto Competencial dirixese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutra. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

O proxecto competencial en 3º de ESO centrarase na montaxe e posta en funcionamento dunha radio escolar. Durante o presente curso participamos no programa de Polos creativos, e contamos con ter o material para o segundo trimestre. Ata ese momento, traballaremos sobre os conceptos teóricos de montaxe dunha radio escolar, de podcast, de guión técnico...

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Presentación da materia. Traballando xuntos nun proxecto	Esta materia é completamente nova para o alumnado, como alternativa á materia de relixión. Adicaremos a primeira sesión a explicar en que consiste e os seus obxectivos principais. Así mesmo	10	1	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Presentación da materia. Traballando xuntos nun proxecto	recolleremos temas de interese do alumnado para eleborar o proxecto.	10	1	X		
2	Organizamos o traballo: grupos e roles	Explicamos e repartimos os distintos roles dentro dun grupo, así o alumnado poderá escoller e valorar a participación como membro dun equipo. Explicaremos a avaliación mediante a táboa de indicadores e practicarán a autoavaliación xa nesta primeira actividade	10	2	X	X	
3	A radio escolar	Que é unha radio escolar? Funcionamento básico teórico dunha emisora de radio escolar - Podcast - Programacións e espazos radiofónicos - Rede Espora, Ponte nas Ondas e Podgalego. Exemplos de programas. - Análise dun espazo radiofónico - Análise dun podcast. - Primeiro contacto con Audacity - Ivoox	20	7	X		
4	Creación dun podcast	- Preparamos o guión: A escaleta - A noticia - A entrevista - A reportaxe - A cuña publicitaria. - Banco de recursos sonoros	20	10	X	X	
5	E agora, a nosa propia radio.	- Como se chama a nosa radio? Consensuamos un nome e creamos un logo. - Publicitando a radio escolar. - Consensuamos o carácter da nosa emisora, aberta, plural, respectuosa, rigurosa, veraz... - Definimos as seccións	20	5		X	X
6	Estamos no aire!!	- Traballando o directo: vocalización, expresión. - Realización dun programa de radio, en directo ou en podcast. - Evaluación e solución de problemas.	20	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Presentación da materia. Traballando xuntos nun proxecto	1

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	O alumnado identifica e determina os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.

UD	Título da UD	Duración
2	Organizamos o traballo: grupos e roles	2

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identifica e determina os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	O alumnado realiza a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
3	A radio escolar	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identifica e determina os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identifica , selecciona e analiza a información que se precisa.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos axeitados e mobiliza as competencias cos niveis de calidade requiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunica as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Creación dun podcast	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos axeitados e mobiliza as competencias cos niveis de calidade requiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve , dentro do seu nivel de autonomía, ou comunica as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición e controla, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	E agora, a nosa propia radio.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executa as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunica as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición e controla, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Estamos no aire!!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identifica e determina os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identifica, selecciona e analiza a información que se precisa.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realiza a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prevé as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propón posibles solucións a estas.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executa as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos axeitados e mobiliza as competencias cos niveis de calidade requiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunica as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición e controla, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: A radio escolar

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, determinarase o tema sobre o que os distintos grupos realizarán os seus podcast para a nosa radio escolar. Algúns dos posibles temas son:

- O ocio
- A música actual
- Críticas de series e filmes
- Actividades do centro
- Lugares de Noia
- Información de actualidade

...

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, comezarán a crear os seus propios podcast, buscando información en diferentes fontes, creando as escaletas e guións técnicos e gravando os produtos finais.

Nesta etapa, unha vez collida a práctica de gravación, irán enriquecendo a radio do centro con programas e podcast novos.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos o seu produto final. A idea é divulgar e promocioanr, entre toda a comunidade educativa, a radio escolar: a programación, os podcast, as páxinas de difusión...

Para darlle a máxima difusión ao proxecto de radio escolar, terán liberdade no formato de presentación e dos medios usados: exposicións nos taboleiros e corredores do centro, concello, asociacións culturais...

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, momentos históricos...)
- Matemáticas (estadísticas sobre poboacións, tempos...)
- Economía (comparativas nos prezos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (búsquas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores
Caderno
Material manipulable para creación plástica de material informativo, publicitario...

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

A dirección do centro prevé crear unha aula para instalar o material do polo creativo no que estará incluída a radio

escolar. Este material non chegara ata finais do primeiro trimestre ou comezo do segundo. Mentres tanto, a propia aula ou a biblioteca serán os espazos empregados.

Os alumnos dispoñen de cadanseu ordenador E-Dixgal. Nel realizarán boa parte do traballo: redacción de escaleta e guión técnico con programas ofimáticos, gravación de audio con programas tipo Audacity, busca de información e recursos sonoros na Rede etc.

O material teórico, as rúbricas de avaliación e a difusión de traballos parciais realizarase na plataforma E-Dixgal.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

É difícil facer unha avaliación inicial nunha materia optativa dunha hora semanal, é dicir, en catro sesións será precipitado facer unha valoración que detecte o nivel competencial do alumnado. Aínda así, a través das intervencións, das aportacións ao grupo e das redacións poderemos detectar dificultades significativas e actuar en consecuencia.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	20	20	20	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

#### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación destacamos:

- Fichas de traballo: análise dunha radio escolar, análise dun podcast
- Elaboración dunha escaleta
- Ficha dunha entrevista
- Ficha dunha reportaxe
- Ficha dunha noticia
- Ficha da elaboración dunha cuña
- Audacity: creación de podcast
- Canva
- Publicidade.
- Montaxe dos elementos que conforman unha emisora de radio escolar

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais...

Tamén se avaliarán cunha rúbrica as diferentes creacións ou podcast que vaian facendo os grupos: calidade, vocalización, efectos sonoros e música...

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

#### Criterios de recuperación:

A recuperación consistirá na elaboración ou reelaboración dos traballos que o alumnado non entregase ou non o fixera correctamente.

No caso de que un alumno ou alumna non superase a materia deste xeito, realizará unha proba escrita que consistirá en elaborar un pequeno guión, e elaborar e editar un pequeno arquivo de texto con Audacity.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

En calquera caso a metodoloxía grupal desta materia favorecerá que o alumnado con dificultades se vexa apoiado ou fortalecido.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial					X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico			X	X	X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Entrevista nun medio de comunicación local	Difusión informativa do proxecto.
Difusión da radio escolar	Dar a coñecer e implicar a toda a comunidade escolar, especialmente alumnado e familias, na utilización da radio como elemento de comunicación, opinión e información do centro.
Visita a unha radio	Procurarase organizar a visita a algunha estación de radio local para coñecer de maneira directa o traballo real nunha radio.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

Tomarase nota daqueles aspectos susceptibles de seren mellorados, que se incorporarán á memoria final e se reformularán na PD do seguinte curso.

## **9. Outros apartados**